



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Persoal

Corrección de erro material nas bases específicas do proceso selectivo dunha praza de profesor/a de conservatorio, especialidade de linguaxe musical (OEP-E 2022) para a estabilización do emprego temporal

ANUNCIO

Expediente núm.: 2022/E001/000039

Mediante Decreto 1807/2022, do 19 de decembro, da concelleira delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego, convocouse o proceso selectivo para a cobertura dunha praza de persoal laboral fixo de Profesor/a de Conservatorio (especialidade linguaxe musical) incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez do ano 2022 (OEP-E 2022), para a estabilización do emprego temporal.

A través do citado decreto, tamén se aprobaron as bases específicas da convocatoria, cuxo texto publicouse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) núm.241, do 22/12/2022.

Logo de detectarse un erro na base sétima das bases específicas do dito proceso selectivo, no relativo ao nivel de coñecemento de lingua galega para a exención da realización desta proba, mediante Decreto 1262/2023, do 31 de maio de 2023, da concelleira delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego, en funcións, resolveuse o seguinte:

“1º) Corrixir o erro material contido na cláusula sétima das bases específicas do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha (1) praza de profesor/a do conservatorio, especialidade linguaxe musical, no relativo ao nivel de coñecemento de lingua galega para a exención da realización da proba.

Así, onde di:

“As persoas que, en aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG), respecto da acreditación do galego, non tiveran acreditado o coñecemento de lingua galega (CELGA 3 ou equivalente) terán unha proba de galego, que consistirá na tradución sen dicionario dun texto proposto previamente polo tribunal, tradución directa ou inversa, nun tempo máximo de vinte minutos.

Esta proba será cualificada de apto/a ou non apto/a. Serán eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a puntuación de apto/a.

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas opositoras que acrediten, coa presentación da solicitude, estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente.”

Debe dicir:

“As persoas que, en aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG), respecto da acreditación do galego, non tiveran acreditado o coñecemento de lingua galega (CELGA 4 ou equivalente) terán unha proba de galego, que consistirá na tradución sen dicionario dun texto proposto previamente polo tribunal, tradución directa ou inversa, nun tempo máximo de vinte minutos.

Esta proba será cualificada de apto/a ou non apto/a. Serán eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a puntuación de apto/a.

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas opositoras que acrediten, coa presentación da solicitude, estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente.”

2º) Publicar a presente resolución Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico), tal e como dispoñen as bases da convocatoria.

3º) Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a concellaría delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento adminis-

trativo común das administracións públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, de acordo coa Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estimen oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, 01 de xuño de 2023

A concelleira-delegada de Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, en funcións

Ana María Pena Purriños

2023/4355